



**GRUPO MUNICIPAL**  
Concello de Vigo

**Excmo. Sr D. Abel Caballero Álvarez**  
*Alcalde-Presidente do Concello de Vigo*

**Rubén Pérez Correa**, concelleiro do Grupo Municipal da Marea de Vigo, presenta para o seu debate en pleno, e aprobación se procede, a seguinte

### **EMENDA Á TOTALIDADE AOS ORZAMENTOS DO CONCELLO DE VIGO PARA 2018**

En sucesivas ocasións, e especialmente no proceso de aprobación dos orzamentos do Concello de Vigo para os anos 2016 e 2017, o grupo municipal da Marea de Vigo ten denunciado a inexistencia dun traballo previo e sistemático de participación cidadá na configuración das propostas orzamentarias. Non se trata de escoitar e filtrar as propostas que chegan de diversos sectores sociais, económicos, culturais, deportivos, etc da cidade senón artellar ferramentas e metodoloxías que inviten a cidadanía a coñecer os orzamentos da súa cidade e tomar parte activa na decisión de investimentos para os seus barrios. Puxemos exemplos dabondo de cidades que xa teñen operativas esas ferramentas: Madrid, Barcelona, Coruña, París, Buenos Aires, etc...; e mesmo existiron ofertas xenerosas de desenvolver ferramentas informáticas gratuítas por parte do equipo de participación cidadá do Concello de Madrid que nin sequera tiveron resposta por parte deste goberno municipal.

Un ano máis o Orzamento Municipal preséntase antes aos medios de comunicación (e non a todos ou na mesma secuencia temporal) sen que, xa non os grupos municipais presentes nesta corporación teñamos coñecemento do calendario orzamentario, senón que nin o tecido social da cidade ou mesmo organismos públicos e entidades presentes no CES, tivesen coñecemento da presentación da proposta orzamentaria.

Xa non se trata soamente de que Vigo vaia acompasado aos cambios na xestión municipal e na apertura das administracións locais á modelos de democracia participativa, trátase tamén de dar cumprimento ao Código de bo GobeOrno da FEMP que aprobamos neste pleno e que queda en papel mollado na súa aposta pola democracia participativa ao sinalar que nos concellos adheridos: *"Se implementarán los presupuestos participativos como instrumentos de mejora de la participación de la ciudadanía en la asignación de los recursos públicos y en la definición de objetivos prioritarios de gestión"*.

Proba disto é a deficiente convocatoria dun órgano que languidece na inoperancia promovida polo goberno local como é o Consello Económico e Social da cidade, levada a cabo co envío de documentación incompleta e emendado o mesmo día coa remisión da documentación total do expediente pero sen tempo ás entidades participantes a realizar unha análise pormenorizada das máis de 500 páxinas que consta a proposta orzamentaria. Dar un valor deliberativo e construtivo ao CES sería un bo xeito de emendar esta práctica política que pouco ten que ver co municipalismo progresista e democrático.

---

### **GRUPO MUNICIPAL DA MAREA DE VIGO**

Praza do Rei, 1 - Planta 8- 36202 Vigo  
Tlf. 986 810 120- móbil: 638 710 418- ofi.marea@vigo.org

---



Do mesmo xeito preséntase o Orzamento para o 2018 con adxectivos rotundamente falsos porque en verdade non estamos ante o orzamento máis alto da historia da Cidade. E son falsos porque se aplicamos o mesmo criterio expresado polo alcalde de sumar os fondos EDUSI (UE) ou doutras administracións no capítulo de inversións; os fondos dos plans E e seguintes (que viñan tamén doutras administracións e consignados nos orzamentos de 2009 e 2010) elevaron o orzamento neses anos aos 299 e 285 millóns de euros. Sen os actuais fondos EDUSI e as transferencias da Xunta e o Ministerio de Fomento para inversións previstas o Orzamento 2018 tería grosso modo cifras parecidas aos de anos anteriores. Pouco marxe para o triunfalismo expresado na rolda de prensa de presentación da proposta orzamentaria.

Evolucion del presupuesto de Vigo 1985-2016				
Año	Total Ingresos	%	Total Gastos	%
2016	225.930.986,42 €	2.37%	225.930.986,42 €	2.37%
2015	220.707.808,50 €	-3.24%	220.707.808,50 €	-3.24%
2014	228.089.854,47 €	0.00%	228.089.854,47 €	-5.50%
2013	228.078.816,49 €	-3.31%	241.360.621,54 €	8.78%
2012	235.894.180,37 €	-1.44%	221.871.919,44 €	-12.76%
2011	239.335.293,66 €	-16.24%	254.320.363,64 €	-5.19%
2010	285.722.751,26 €	-4.54%	268.244.878,71 €	-7.15%
2009	299.320.635,64 €	16.21%	288.901.930,56 €	25.54%
2008	257.572.325,01 €	13.51%	230.133.521,55 €	7.62%
2007	226.919.234,51 €	33.49%	213.841.694,80 €	25.80%
2006	169.991.258,04 €	-9.83%	169.991.258,04 €	-9.83%
2005	188.514.516,23 €	24.28%	188.514.516,23 €	26.80%
2004	151.683.111,98 €	-10.86%	148.675.236,04 €	-12.62%
2003	170.157.443,09 €	0.56%	170.157.443,09 €	0.56%
2002	169.214.573,56 €	12.71%	169.214.573,56 €	12.71%
2001	150.132.587,37 €	9.69%	150.132.587,37 €	9.69%
2000	136.874.160,53 €	-21.80%	136.874.160,54 €	-21.80%
1999	175.022.675,07 €	39.59%	175.022.675,08 €	39.59%
1998	125.384.248,16 €	-2.78%	125.384.248,17 €	-2.78%
1997	128.973.898,56 €	9.82%	128.973.898,55 €	9.82%
1996	117.441.585,37 €	17.96%	117.441.585,37 €	17.96%
1995	99.560.800,09 €	-16.90%	99.560.800,10 €	-16.90%
1994	119.811.375,42 €	-8.62%	119.811.375,43 €	-8.62%

Datos do Orzamento de Vigo depositados polo mesmo no Ministerio de Administraciones Publicas (<http://www.dgal.map.es/>)

E se consideramos soamente as inversións reais (capítulo 6) os datos son máis clarificadores xa que nos anos antes citados estas superaron os 70 e os 55 millóns de euros respectivamente:

Inversións reais. 1985 - 2016		
Año	Presupuestado	%
2016	9.448.675,77 €	108.53%
2015	4.531.016,22 €	-60.01%
2014	11.331.016,22 €	-14.85%
2013	13.307.737,74 €	-23.61%
2012	17.420.398,39 €	-61.33%
2011	45.051.407,82 €	-18.90%
2010	55.549.919,34 €	-21.08%
2009	70.387.275,48 €	332.55%
2008	16.272.617,47 €	-30.43%
2007	23.391.501,43 €	1,204.07%
2006	1.793.737,33 €	-89.05%
2005	16.387.712,49 €	4,442.67%
2004	360.750,61 €	-98.05%
2003	18.527.893,39 €	-22.41%
2002	23.880.453,15 €	120.80%
2001	10.815.408,36 €	14.80%
2000	9.420.756,85 €	-76.56%
1999	40.193.563,36 €	304.43%

Datos do Orzamento de Vigo depositados polo mesmo no Ministerio de Administracións Públicas (<http://www.dgal.map.es/>)

Pero ademais do desprezo pola capacidade de participación e opinión da veciñanza e da capa propagandística que pretende agochar os datos reais, este orzamento contén xa de xeito manifesto as diversas denuncias que o grupo municipal da Marea de Vigo expresou tanto no proceso de aprobación das Ordenanzas Fiscais Para 2018 e especialmente na pretensión de subir os prezos e taxas públicas como nas Liñas Fundamentais do Orzamento para o ano 2018 aprobadas no pleno do pasado mes de outubro.

Vigo non ten cambiado socioeconómicamente de xeito substancial nestes 12 meses transcorridos, os indicadores económicos e especialmente os de emprego seguen a amosar



unha perda importante de emprego de calidade, un aumento dos demandantes de axudas sociais (nomeadamente o RISGA) e unha virulenta reactivación dos desafiuzamentos nos casos de alugamentos. Fronte a esta situación estes Orzamentos optan por conter os gastos en materia social coa pretendida escusa das competencias propias dos concellos, mentres noutras partidas nas que o Concello non ten competencias e actúa como dispensario de recursos económicos impropios: bolsas de inglés, axudas ás liñas aéreas, etc... sigue a aumentar exponencialmente os recursos que saen das arcas municipais.

Mesmo anúnciase unha campaña contra a lei 2/2017 (para co-financiar diversos servizos públicos en materia social coa administración autonómica) que a Marea de Vigo subscribiría pero que non é ou máis ou menos inxusta que o sistema que obriga aos concellos a asumir a xestión da tramitación do RISGA. Os propios datos do INE colocan a Vigo como a cidade galega con maior taxa de poboación en risco de pobreza con taxas do 21% fronte ao 18,4% de A Coruña ou o 20% de cidades como Pontevedra ou Santiago.

As prioridades deste goberno se dirá que son combater a pobreza con políticas "keynesianas" deitando millóns de euros en obras de reforma viaria como as chamadas humanizacións, argumento demagóxico que oculta, por exemplo, que un barrio onde se ten actuado en numerosas humanizacións, como o Calvario, é, segundo o INE, o barrio máis pobre do Estado. Polas rúas de pedra cara, farois de deseño e ornamentación floral elegante pasean centos de vigueses e viguesas que non teñen cubertas as máis básicas necesidades vitais moitas veces.

Esta emenda á totalidade non pretende que o Concello de Vigo gaste máis ou empregue recursos extraordinarios. Non imos caer na demagogia expresada polo PP moitas veces neste Concello no tocante á importante cantidade de recursos que figuran na tesourería municipal e que non se empregan neste exercicio. Dende este mes de novembro tamén sabemos que os Concellos que deciden empregar estes recursos enfrontándose ao teito de gasto imposto polos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública do conxunto de Comunidades Autónomas e de Entidades locais, acaban sendo intervidos polo Ministerio de Facenda como vén de acontecer ao Concello de Madrid. Tamén é certo que posiblemente se máis Concellos acompañaran a Madrid neste enfrontamento, especialmente o concello presidido polo presidente da FEMP, teríamos unha presión municipalista importante para poder tombar este criterio "castrante da autonomía local".

Dicíamos na emenda á totalidade dos Orzamentos de 2017 que *"este grupo municipal é consciente do marco lexislativo no que se constrúe este Orzamento do Concello de Vigo para o 2017. Sabemos da esixencia da Unión Europea de garantir a estabilidade orzamentaria levou en setembro de 2011 a reformar o artigo 135 da Constitución Española introducindo unha regra fiscal que limita o déficit público e prioriza o pago da débeda. Deste feito, tanto PP como PSOE son instigadores e actores principais. Tamén somos conscientes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira que para desgraza de concellos como o noso desenvolveu os principios recollidos nesta modificación constitucional xa que artellou os principios convencionais de estabilidade financeira a través dunha serie de normas fiscais de obrigado*



---

*cumprimento para as administracións públicas españolas co pretendido obxectivo de sanear as súas finanzas."*

Este segue a ser para nós o principal factor que limita ao municipalismo progresista á hora de converter os orzamentos municipais nunha ferramenta de cambio social e de construción de concellos fortes e con capacidade de dar resposta aos problemas reais da cidadanía. Díciámos hoxe hai un ano que estamos ante unha "triada perversa" que condiciona gran parte do que o noso concello pode facer en materia orzamentaria: non superación dun determinado tope de déficit (decidido politicamente), a non superación dun tope de débeda e o que de xeito máis directo afecta a Concellos como o de Vigo cunha situación financeira positiva: a existencia dun teito de gasto restritivo a pesar da situación do concello en cuestión.

A intervención do Concello de Madrid dase especialmente porque decidiuse ser obxector a esta última regra ao fixar que ningunha administración poida incrementar o seu gasto público máis do crecemento estimado do Produto Interior Bruto (PIB) aínda que se cumpriu o obxectivo de déficit. Vigo non debe ser, como dixemos no pleno en sucesivas ocasións "o alumno avantaxado do profesor Montoro"

En canto aos ingresos e gastos previstos nesta proposta de Orzamento, substanciamos a nosa emenda á totalidade en:

#### **NO CAPÍTULO DE INGRESOS:**

O relato de que en Vigo non se soben impostos de xeito xeneralizado queda nesta proposta de orzamentos claramente identificado como falso. Marea de Vigo xa dixo na presentación de emendas ás Ordenanzas Fiscais que discrepábamos profundamente co criterio de aplicar unha subida do IPC do 2,2% aos prezos e taxas públicas máis significativas.

E discrepábamos, porque estíbese aplicando esta subida do IPC a todos os prezos e taxas públicas sen aclarar, como indica o goberno, a separación dos custos derivados esencialmente dos enerxéticos do resto, que son os que están a condicionar de xeito máis forte o aumento do IPC para o 2018. Dese xeito estaríamos considerando que o custo enerxético sería o principal custo de todos os servizos públicos; cousa que é rotundamente falsa especialmente no caso de servizos públicos municipais.

Estes orzamentos introducen unha subida por exemplo de impostos indirectos do 2,4%, por enriba de este IPC e cun padrón fiscal esencialmente igual que o 2017. As previsións en todo caso poden ser maiores que o proposto polo Concello de Vigo, como frecuentemente veñen denunciando os informes da Autoridade Fiscal Independente.



A subida do tipo do IBI, finalmente polos datos contidos nesta proposta, confirma o denunciado por este grupo municipal: Por enriba do 2,8% de aumento de ingreso (máis que o IPC) non se pode falar nunca de conxelación.

Este goberno local consolida ademais un tipo de gravame moi próximo ao máximo legal para os bens urbanos, rústicos e BICE's (que pasarán en 2018 do 0,882%, 0,662% e 0,813% a 0,901%, 0,677% e 0,831%). Para o caso do IBI urbano, Vigo estaría xa preto do máximo legal (1,1%) e posiblemente o tipo de gravame máis alto das grandes cidades do estado. Unha auténtica barbaridade nun momento en que moitos concellos galegos precisamente baixan o tipo ante a imposibilidade de artellar outras bonificacións sociais no Imposto de Bens Inmóveis.

Este aumento recadatorio considerámolo preocupante, xa que amosa a falla de vontade de establecer unha fiscalidade progresiva e social. Mesmo cando hai posibilidade de facelo cos poucos ocos que ten a lexislación, non se aplica.

Como recoñecía o propio informe de intervención xeral que acompañaba ás modificacións de ordenanzas fiscais para o 2018 "se ben o apartado 1º do artigo 44 do TRLRFL establece que o importe dos prezos públicos deberá cubrir como mínimo o custe do servizo prestado ou da actividade realizada" o disposto no apartado 2º di que "cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos públicos por baixo do límite previsto no apartado anterior". Esas razóns non foron tidas en conta para a recadación prevista para este 2018, explicando o aumento recadatorio e impositivo que teñen estes orzamentos.

Non se contemplan aperturas de novos créditos, cousa que en si non é necesariamente positiva ao entender, como expoñeremos no capítulo de gastos desta emenda, que non existirán políticas de construción de novas dotacións ás parroquias que, de non financiarse con recursos propios tería que facerse con cargo a un endebedamento sostible que non descartamos como necesario.

## **NO CAPÍTULO DE GASTOS:**

### **1. CAPÍTULO 1. GASTOS DE PERSOAL:**

De novo os prazos e consultas a representación sindical son ninguneados por parte de este goberno local, feito xa xudicializado no Orzamento deste 2017 por parte dalgunha sección sindical do Concello.

Do mesmo xeito, e aínda non existindo proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para 2018 que obriga a tomar como referencia de incremento salarial o 2017 (o 1%), este orzamento para nós debería conter unha obrigatoriedade de revisar o incremento salarial se finalmente non hai prórroga orzamentaria e con efectos de aplicación ao 1 de xaneiro en caso de aprobarse un orzamento para o 2018.

---

## **2. CAPITULO 2. GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS:**

Seguimos a defender que os aumentos importantes (no tocante a servizos públicos básicos o aumento vai ser dun 10,99%) non están comportando aumento da calidade, extensión ou cumprimento concesional dos mesmos. É unha evidencia especialmente cando existen graves deficiencias e problemas legais en varias concesións, e asistimos neste 2018 a un novo concurso para o contrato de Recollida de RSU, Limpeza Viaria, Mantemento e reposición de contedores e recollida selectiva de lixo; contrato de gran importancia (condiciona en gran parte o incremento do 2% neste capítulo) e que contén modificacións importantes sen que se analizaran cuestións de efectividade (temos un contrato practicamente escravo dos contedores comercializados por Contenur existindo outras opcións homologables ao formato de recollida e considerablemente máis baratas no mercado).

Do mesmo xeito seguiremos a demandar a constitución da Comisión de Vixilancia da Contratación (obrigatoria segundo o regulamento do pleno), que, anualmente, podería emitir o informe preceptivo para incluír no proxecto de Orzamentos.

Discrepamos ademais, como xa expresamos nas emendas ás ordenanzas, ás taxas e prezos públicos incluídos nas mesmas, dos incrementos para os prezos dos servizos tomando como referencia a taxa de crecemento do PIB que quedou fixada para o ano 2018 nun 2,4%, xa que esa porcentaxe vén especialmente marcado pola subida brutal dos custos relacionados coa electricidade, se ben a taxa subxacente, a que exclúe elementos máis volátiles do índice como son precisamente a enerxía e os alimentos frescos, situouse no 1% anual.

O criterio de aplicar este 2,4% do IPC a todos os empregos non financeiros está considerando que o custo enerxético sería o principal custo de todos os servizos públicos; cousa que é rotundamente falsa especialmente no caso de servizos públicos municipais. Tomando tamén como realidade que o goberno para este 2018 establece o criterio de non aplicar de xeito mimético o IPC a todos os prezos de bens e servizos en base a unha tardía aplicación da Lei de Desindexación aprobada en 2015 e o RD aprobado en xaneiro que prohíbe actualizar co IPC xeral excepto para os produtos vinculados á enerxía e algún subministro. Por este mesmo criterio as concesionarias non deberían poder aplicar ou reclamar este incremento relacionado directamente co PIB.

## **3. CAPITULO 3. GASTOS FINANCEIROS:**

O feito de non ter gastos financeiros derivados de non ter débeda viva (apenas 3.500 euros nesta partida derivados de pequenos pagos de intereses de demora, avais, etc...) non é para nós un factor positivo ou negativo a priori.



Marea de Vigo non comparte ese "mantra neoliberal" de débeda 0 as administracións públicas. E discrepamos especialmente cando o goberno recomenda este escenario aos concellos para poder empregar recursos económicos como o superávit en inversións públicas. Tamén porque coloca aos concellos no punto de mira mentres a administración central e as autonómicas seguen a endebedarse para realizar actuacións económicas de importancia.

Queda claro que os esforzos da FEMP porque o ministro Montoro entendese a necesidade de empregar o superávit dun xeito máis expansivo e que o teito de gasto imposto ás administracións locais son absolutamente en vano.

A resposta resiliente é a intervención aos concellos que como Madrid deciden ser "insumisos" e consignar recursos para actuacións dotacionais e de protección social. Queda claro para Marea de Vigo que posiblemente a única ferramenta que o Concello de Vigo pode empregar neste contexto non é outra posiblemente que abrir créditos asumibles para levar adiante proxectos como poden ser a apertura de novas escolas infantís, centros de día, centros cívicos e dotacións das que a cidade carece dende fai moitos anos.

Os 13 millóns de euros de recursos propios que este orzamento contén son insuficientes para todo, e, desgraciadamente o resto son fondos EDUSI (xa consignados e para nós malgastados no plan Vigo Vertical) ou futuribles recursos procedentes dos superávits anteriores que o goberno do estado segue a impedir empregar para "actuacións financeiramente non sostibles" como son estas dotacións baixo o criterio neoliberal das leis de estabilidade orzamentaria do PP.

#### **4. CAPITULO 4. TRANSFERENCIAS CORRENTES:**

Compartindo a denuncia que vén de facer o Concello da lei 2/2017 (emendada polo grupo parlamentario de En Marea, que defendeu unha emenda a esta lei de acompañamento dos orzamentos para que soamente aplicase este cofinanciamento para os concellos que o solicitasen e con posibilidade de revogar a fórmula subscrita) que artella unha cofinanciación dos servizos prestados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (máis de 350.000 euros por exemplo na cofinanciación dos centros de día e 205.500 na das escolas infantís que non existían antes o que non significa máis prazas ou centros senón que é para cofinanciar o existente); non podemos deixar de amosar a nosa sorpresa que se pretenda baixo a escusa desta lei agochar que gran parte das partidas contidas neste capítulo seguen a ser exactamente as mesmas, de feito sen o aumento obrigado pola lei, as partidas de protección social serían as de 2017 exactamente. Denunciamos especialmente que:





- Non existe aumento no fondo de emerxencia contra os desafiuzamentos (842.000 euros de novo) nun escenario de aumento dos desafiuzamentos na nosa cidade.
- Tres exercicios coa mesma partida en axudas de vivenda, alimentos e enerxía (1.640.000) segue a ser insuficiente ante as centos de solicitudes que quedan fóra por un criterio absolutamente restritivo de renda motivado polo importe reservado na partida.
- Non hai aumento nas bolsas de comedor, libros (1.200.000) sendo o criterio de renda igualmente restritivo.
- Escaseza no aumento en 300.000 euros do Plan de Axudas ao Plan de Emprego Municipal, considerando necesaria a súa ampliación, especialmente nas dotacións económicas ás Comunidades de Montes afectadas polos lumes deste mes de outubro que afectaron a case o 70% do monte veciñal de man común.
- É insuficiente a aportación ao M.A.R.C.O. cando é necesario consolidar o seu futuro como Museo de Arte Contemporáneo, garantindo unha aportación non inferior ao millón de euros e establecendo diálogo con outras administracións para ampliar o Padroado.
- Desaparición de convenios vinculados ao plan de emprego municipal e ás asociacións de comerciantes para a creación de postos de traballo e promoción da actividade no comercio local e de proximidade.
- De novo consígnanse 500.000 euros ás, discutibles e de ínfima calidade cultural, actividades do Auditorio Mar de Vigo. Ante a liquidación da UTE concesionaria non podemos seguir deitando recursos públicos sen control polo que pedimos a anulación de esta partida e a transferencia da mesma á Fundación MARCO.
- Desigualdade nas aportacións ás entidades culturais. Consideramos necesario facer unha oferta cultural plural e diversa. Mentres ano tras ano aumentan os recursos por diversas vías dalguns convenios en concreto; outras expresións culturais (por exemplo Instituto de Estudos Vigueses, Lumière, Sinsal) seguen sendo as mesmas.
- Liquidación do programa MOVE VIGO da FAVEC que artellaba actividades nas parroquias no que semella ser un novo capítulo da tentativa de liquidar o movemento veciñal federado na nosa cidade.
- Apenas hai un incremento de 100.000 euros nas partidas de subvencións a clubs e entidades deportivas sen afán de lucro cando aumentan os e as deportistas federadas/os en moitas disciplinas.



- Aumento aparentemente incomprensible de máis de 65.000 euros para a "Vigo Conventiun Boureau", fundación que non ten unha función clara e visibilizada na cidade.

## 5. CAPITULO 6. INVERSIÓNS.

Con moita propaganda fálase do importante (mesmo histórico) aumento neste capítulo. No inicio deste documento xa falamos da falsidade desta afirmación pero o contido desta proposta orzamentaria deixa ben claro os serios problemas de execución orzamentaria que ten este goberno local. Non só pola importante cantidade de recursos económicos orzamentados a inversións que non se executaron (de novo) no seu exercicio, senón porque mesmo nos informes, considérase como normal cando por exemplo, recoñécese a non execución do plan de asfaltado financiado pola deputación e polo tanto non é necesario incorporalo neste orzamento xa que seguiría en vigor.

Comparar os 16.221.498 millóns de euros de 2017 (logo ampliados a 41.205.978 co superávit e parte de fondos doutras administracións) cos 34 millóns deste 2018 (que en rigor son 17.106.198 millóns de recursos propios máis 17.675.058 dos EDUSI e recursos doutras administracións) resulta cando menos chocante. Serve para que as gráficas que se presentaron en rolda de prensa non saian practicamente igual e pouco máis. En rigor en 2017 había 41 millóns de euros consignados a inversións e agora 34. Certo que falta saber que se vai facer co superávit pero tamén se se vai a executar todo o importe consignado en 2017. A información da liquidación do 3º trimestre fainos intuír que é probable que non:



### INSTITUCION CONSOLIDADA

Data de Referencia: 30/09/2017

C.ECON.	DESCRICIÓN	CRÉDITOS ORZAMENTARIOS			OBRIG.REC. NETAS	PAGAMENTOS	% O sobre CRED. DEF.	% RP sobre OBL. REC.
		INICIAIS	MODIFICS.	DEFINITIVOS				
1	GASTOS DE PERSOAL.	68.531.459,73	473.388,65	69.004.848,38	42.736.546,05	42.693.646,88	61,93%	99,90%
2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERV	119.645.166,67	5.002.269,05	124.647.435,72	71.420.582,57	69.931.330,66	57,30%	97,91%
3	GASTOS FINANCIEROS.	7.030,00	0,00	7.030,00	0,00	0,00	0,00%	0,00%
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	27.061.579,13	855.934,95	27.917.514,08	16.547.058,31	15.482.267,32	59,27%	93,57%
5	FONDO DE CONTINXENCIA	600.000,00	0,00	600.000,00	0,00	0,00	0,00%	0,00%
6	INVERSIONS REAIS.	16.221.498,00	24.984.480,81	41.205.978,81	11.753.006,44	11.453.954,61	28,52%	97,46%
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL.	355.000,00	1.670.617,50	2.025.617,50	288.210,35	288.210,35	14,23%	100,00%
8	ACTIVOS FINANCIEROS.	672.860,00	0,00	672.860,00	324.300,00	324.300,00	48,20%	100,00%
<b>Total Xen:</b>		<b>233.094.593,53</b>	<b>32.986.690,96</b>	<b>266.081.284,49</b>	<b>143.069.703,72</b>	<b>140.173.709,82</b>	<b>53,77%</b>	<b>97,98%</b>

#### ESTADO DE EJECUCIÓN DEL PPTO. DE GASTOS

Consideramos pouco orientativo este orzamento no capítulo de inversións polos precedentes de execución baixos de outros exercicios ou non execución, que voltan a este 2018: Recuperación Panificadora, humanizacións como a de García Olloqui 450.000 euros en 2017 e non executado nada a data 1 de outubro), García Lorca (800.000 orzamentados o ano e sen execución a data 1 de outubro, último estado de execución), etc.. con variación agora de partidas que van saltando dun exercicio

## GRUPO MUNICIPAL DA MAREA DE VIGO

Praza do Rei, 1 - Planta 8- 36202 Vigo

Tlf. 986 810 120- móbil: 638 710 418- ofi.marea@vigo.org





a outro, melloras no rural e plan asfaltado da deputación que non se executan, aumento de partidas en parques infantís e biosaudables ata 1.300.000 cando a principios do mes de outubro deste ano dos 650.000 orzamentados so se executaran 19.747.

Por todas estas cuestións aquí expostas:

**SOLICITAMOS AO PLENO DO CONCELLO DE VIGO:**

**Baixo os criterios que substancian esta emenda á totalidade, a DEVOLUCIÓN DA PROPOSTA DE ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE VIGO PARA O ANO 2018 á Xunta de Goberno Local para a apertura dun novo período de elaboración do mesmo.**

En Vigo, a 10 de novembro do 2017

Asinado:

**Rubén Pérez Correa**

Voceiro do Grupo Municipal da Marea de Vigo

---

**GRUPO MUNICIPAL DA MAREA DE VIGO**

Praza do Rei, 1 - Planta 8- 36202 Vigo

Tlf. 986 810 120- móbil: 638 710 418- [ofi.marea@vigo.org](mailto:ofi.marea@vigo.org)

---

